

O expediente anterior atópase a disposición do público a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio, de acordo co disposto no artigo 169.7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Cangas, 21 de decembro de 2012. —O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar.

2012011970

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión extraordinaria urxente de data 20 de decembro de 2012, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza Fiscal nº 1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1º.

1.—De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable neste municipio queda fixado nos seguintes termos:

- a) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado na porcentaxe de 0,60%, sobre a base liquidable tal e como é definida nos artigos 66 e seguintes do Texto Refundido.
- b) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no 0,30 % sobre a base liquidable tal e como é definida nos artigos 66 e seguintes do Texto Refundido.
- c) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable ós bens inmóbles de características especiais, queda fixado no 1,3 % sobre a base liquidable tal e como é definida nos artigos 66 e seguintes do Texto Refundido.

2.—Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, os bens inmóbles que constitúan o obxecto da actividade de de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado Esta bonificación deberá solicitarse antes do inicio das obras, e comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquél en que se inicien as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectivas, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

3.—Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os sete períodos impositivos seguintes ó remate do último exercicio en que se aplique a bonificación obrigatoria regulada no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas de acordo co establecido na normativa da Comunidade Autónoma, nas mesmas condicións, de xeito que o período total bonificado se estende a un total de dez exercicios

Esta bonificación concederase a petición do beneficiario, surtindo efectos a partires do exercicio seguinte ó da solicitude. En todo caso, perderase o dereito á bonificación en caso de que a vivenda perda a cualificación de protección oficial ou equiparable.

ARTIGO 2º.

O Concello de Cangas esixirá este tributo de acordo co establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as disposicións que as desenvolvan, e as demais normas xerais do Estado que regulan a materia.

ARTIGO 3º.—SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

1. Ao amparo do disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, e co obxecto de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, así como incentivar a domiciliación bancaria como medio de pago máis idóneo, establécese un sistema especial de pago das cotas por recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles.

2. O acollemento a este sistema especial requirirá que o recibo estea domiciliado ou se domicilie nunha entidade bancaria ou Caixa de Aforros, que se formule a oportuna solicitude no impreso que, ao efecto se estableza, que o obrigado ao pago sexa unha persoa física que se atope empadroada no Concello de Cangas e que exista coincidencia entre o titular do recibo/liquidación do exercicio no que se realice a solicitude e nos exercicios seguintes.

3 A aplicación do sistema especial de pago contemplado neste artigo deberá ser solicitado polo suxeito pasivo con anterioridade ao 1º de marzo do exercicio no que deba ter efecto. Noutro caso a solicitude terá efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición.

4. A solicitude debidamente cumprimentada entenderase automaticamente concedida desde o mesmo día da súa presentación, tendo validez por tempo indefinido en tanto non exista manifestación en contrario por parte do suxeito pasivo ou deixen de realizarse os pagos nos termos establecidos nos apartados seguintes.

5. O pago do importe total anual do imposto distribuirase en dous prazos:

— O primeiro, que terá o carácter de pago a conta, será equivalente ao 50 por cento da cota líquida do recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles correspondente ao exercicio inmediatamente anterior, debendo facerse efectivo o 31 de maio, ou inmediato hábil seguinte, mediante a oportuna domiciliación bancaria.

— O importe do segundo prazo pasarase ao cobro á conta corrente indicada polo interesado o último día do período voluntario de cobro do imposto, e estará constituído pola diferenza entre a contía do recibo correspondente ao exercicio e a cantidade abonada no primeiro prazo.

6. Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pago. Neste suposto, o importe total do imposto poderá abonarse sen recargo ningún no período voluntario de pago establecido para o padrón do IBI, coas consecuencias legais pertinentes no suposto de falta de pagamento no citado período voluntario.

Se, tendose feito efectivo o importe do primeiro dos prazos, por causas imputables ao interesado non se fixese efectivo o segundo prazo, ao seu correspondente vencemento iniciárase o período executivo pola cantidade pendente de ingreso e, así mesmo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pago.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza estará vixente o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Contra o presente Acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Cangas, 21 de decembro de 2012.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar.

2012011985